

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 21 de febreiro de 2020, ás 13:00 horas na Sala de Comisións do Pazo Provincial.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 3/20, de 10 de febreiro.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 3968/2020, de 04/02/2020, pola que se dispón a comparecencia no procedemento 527/2019, sobre dereitos fundamentais, seguido ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 12 dos de Madrid.

3. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 4540/2020, de 07/02/2020, pola que se dispón o acatamento e cumprimento do auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 12 dos de Madrid, de 04/02/2020, recaído no procedemento 527/2019, sobre dereitos fundamentais.

4. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 3967/2020, de 04/02/2020, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 28/2020, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos de Santiago de Compostela, sobre tributos.

5. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 5267/2020, de 13/02/2020, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 dos da Coruña, de 10/02/2020, recaída no recurso PO 166/2017, sobre tributos.

6. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 5177/2020, de 13/02/2020, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, de 06/02/2020, recaída no recurso PA 161/2019, sobre sanción de tráfico do Concello de Vimianzo

7. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 5266/2020, de 13/02/2020, pola que se dispón o acatamento e cumprimento da sentenza do Xulgado do Penal nº 3 dos da Coruña, de 07/02/2020, recaída no procedemento abreviado 152/2018, por danos causados a bens provinciais na D.P. 1902.

8. Dación de conta da Resolución da Presidencia nº 4807/2020, de 10/02/2020, pola que se dispón a comparecencia no recurso PO 14/2020, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, sobre reintegro de subvención.

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

9. Aprobación de Informe relativo ao recoñecemento de treitos urbanos nas estradas provinciais dos núcleos rurais de Sada

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

10. Dación de conta da RP 2020/5273 de data 13/02/2020 pola que se modifican as Bases reguladoras do Programa FO221/2020

11. Dación de conta da RP 2020/5274 de data 13/02/2020 pola que se modifican as Bases reguladoras do Programa FO223/2020

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

12. Aprobación das bases para elaborar unha listaxe de persoal temporal para posibles nomeamentos de persoal funcionario interino e/ou contratacións de persoal laboral temporal, para postos de Técnico/a de cultura, subgrupo A1.

13. Aprobación das bases para elaborar unha listaxe de persoal temporal para posibles nomeamentos de persoal funcionario interino e/ou contratacións de persoal laboral temporal, para postos de Técnico/a de xestión tributaria, subgrupo A2.

14. Aprobación das bases para elaborar unha listaxe de persoal temporal para posibles nomeamentos de persoal funcionario interino e/ou contratacións de persoal laboral temporal, para postos de Oficial de imprenta - Diseñador gráfico, grupo B.

ROGOS E PREGUNTAS